

## ¿Que é SFX?

SFX é unha ferramenta utilizada para xestionar enlaces entre os diferentes recursos de información e nos da tódalas opcións de acceso que a biblioteca ten para un determinado recurso.

A través de SFX pódese acceder ao texto completo e consultar o catálogo da biblioteca para ver se temos a versión impresa. Se non temos acceso ao texto completo permite solicitar o documento a través do formulario de Préstamo Interbibliotecario.

Tamén ofrece outros servizos como: o factor de impacto, a obtención da cita bibliográfica, descarga en refworks, etc.

### **Recurso con acceso ao texto completo:**



### **Recurso sen acceso ao texto completo:**



### ¿Aparece o enlace a SFX en tódolos recursos electrónicos?

Non, non tódolos recursos-e da biblioteca dispoñen da tecnoloxía necesaria para poder traballar con SFX

O botón de SFX  pode aparecer:

- Nos portais de revistas electrónicas
- Nas bases de datos
- No catálogo da biblioteca (só nos rexistros que teñen ISSN, xa que a maneira de enlazalos é a través deste).

Se non aparece o botón nalgún recurso pode ser:

- porque o recurso non o permite
- porque no navegador do usuario non está habilitado o JavaScript. Debe habilitarse dende as opcións de configuración do navegador.
- porque o enlace ten un erro (avisar a: [xshem@uvigo.es](mailto:xshem@uvigo.es))

### ¿Quen pode acceder a SFX?

Tódolos usuarios que utilicen un ordenador que estea dentro da rede da Universidade de Vigo.

Para conectarse dende fora da rede da Universidade é necesario facelo a través do [Proxy](#), para o que hai que poñerse en contacto cos servizos informáticos:

### **¿Por que a páxina devolve unha mensaxe de erro?**

Pode ser porque o ordenador teña activo algún bloqueador de ventanas emerxentes, para o que hai que desactivar temporalmente o bloqueador de ventanas emerxentes.

Se se trata de un arquivo en PDF hai que comprobar que o lector de PDF estea actualizado.

### **¿Por que non sempre é posible a través de SFX enlazar co texto completo do documento?**

- Porque non existe unha versión electrónica do documento.
- Porque a Universidade de Vigo non ten subscripción a versión electrónica nin a través da Biblioteca Universitaria, nin a través do Consorcio Bugalicia, nin o documento está accesible a través dos portais de revistas-e de Libre Acceso (Open Access).
- Porque o artigo é recente e aínda non se cargou na páxina web do editor.
- Porque SFX non ten cargada a revista na súa base de datos e non é posible facer o enlace.
- O editor da revista non ten a tecnoloxía necesaria para traballar con SFX.

### **¿Por que algunhas revistas presentan máis dunha opción para enlazar co texto completo?**

Porque os accesos se poden facer dende:

- Portais de revistas electrónicas subscritos (con acceso a fondos actualizados ou con acceso a fondos retrospectivos)
- Bases de datos que conteñen os documentos a texto completo
- Agregadores que facilitan o acceso ao texto completo das revistas subscritas (tipo Ebsco, Ingenta, etc.)
- Portais de revistas electrónicas de libre acceso (Open Access)

### **¿Por que algunhas veces ao enlazar co texto completo aparece a páxina de inicio, outras a páxina dos volumes e fascículos e outras o artigo?**

Porque o editor ten estruturado o seu sitio web de maneira que non é posible enlazar co artigo directamente, entón SFX busca a páxina máis próxima ao artigo. O usuario deberá buscar o artigo requerido dende a páxina coa que enlazou dende SFX.

## ¿Por que o menú de SFX devolve as veces unha mensaxe como: “Erro 404” ou “URL incorrecta” ou “Páxina non atopada”?

- Pode ser porque o artigo que se busca é moi recente e aínda non está cargado na web do editor, e SFX está construíndo un enlace que non existe. Hai que esperar a que o editor actualice a páxina web.

- Pode ser porque o enlace de SFX non sexa correcto e necesite ser actualizado. Prégase enviar unha mensaxe a [xshem@uvigo.es](mailto:xshem@uvigo.es) con respecto ao problema e cos datos do artigo e nome do recurso para poder solucionalo.

## ¿Como buscar revistas en SFX?

Para buscar revistas electrónicas, libros electrónicos, proceedings, standards, etc. pódese facer:

- A través do enlace á lista A/Z de SFX que se atopa a esquerda do menú na páxina web da biblioteca:



The screenshot shows the library website interface. On the left, a dark blue navigation menu lists various services. The 'Revistas-e (SFX)' option is highlighted with a white box and a black arrow pointing to it. The main content area features a photograph of the library building, the text 'Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo', and a description of the library's services. At the bottom, there is a footer with contact information and a copyright notice.

BIBLIOTECA

- ▶ Bases de Datos
- ▶ Bibliografía recomendada
  - Asignatura
  - Profesor
- ▶ Catálogo de la Biblioteca
  - Libros electrónicos
  - Libros aula BOE
- ▶ Hemeroteca
  - Revistas-e (Acceso por proveedores)
  - Revistas-e (Listaxe A/Z)
  - **Revistas-e (SFX)**
- ▶ Referencia e información bibliográfica
- ▶ Adquisiciones
- ▶ Archivo
- ▶ Evaluación de la Calidad
- ▶ Consorcio Bugalicia
- ▶ Directorio
- ▶ Información General Novedades
- ▶ Sugestiones y Reclamaciones
- ▶ blogdaBiblio
- ▶ Intranet

Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo

La Biblioteca Universitaria es un servicio de la Universidad accesible libremente a todos los estudiantes, profesores y personal de la Universidad.

Se compone de tres Bibliotecas Centrales, una en cada campus, y de una serie de bibliotecas/salas de lectura repartidas en los distintos campus.

Información General | Estudios | Centros | Departamentos | Órganos de Gobierno  
Áreas y Oficinas | Servicios | Biblioteca | Investigación | Empresa e Innovación  
Extensión Universitaria | PAS | PDI | Alumnado

[ webmaster ] © ATIC 2001 - 2008

Onde se atopa unha pequena guía de uso

- Directamente dende a URL: <http://sfx.bugalicia.org/vig/az>

- Dende [PÓRTICO](#) premendo na pestaña SFX.